

**Convocatoria ordinaria 2024
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO**

El examen consta de 6 preguntas de 2,5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **sólo se corregirán las cuatro primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 1.1. ¿Qué es un empresario/a? Explique dos de las funciones que puede desempeñar.
- 1.2. Explique las fuentes financiación internas y externas de la empresa. Ponga un ejemplo de cada una de ellas.
- 1.3. Explique la utilidad del lienzo del modelo de negocio y las dos áreas a las que se refiere.
- 1.4. Explique qué fin tienen los derechos de propiedad industrial. Enumere dos tipos de estos derechos.

PREGUNTA 2. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 2.1. ¿Qué es el derecho mercantil? Ponga un ejemplo de una cuestión que regule.
- 2.2. ¿Qué es el fondo de maniobra? ¿Cómo se interpretan sus resultados?
- 2.3. ¿Qué es el mapa de empatía de clientes? Explique dos de las áreas en las que se divide.
- 2.4. En qué consiste dentro del plan de negocio la presentación. Ponga un ejemplo.

PREGUNTA 3. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 3.1. ¿Qué se entiende por digitalización? Ponga un ejemplo de aplicación a la empresa.
- 3.2. Defina el impuesto sobre sociedades. Identifique el sujeto pasivo y el tipo impositivo del mismo.
- 3.3. Explique qué son los modelos de negocio de aplicaciones móviles. Ponga un ejemplo.
- 3.4. Explique qué se entiende por validación del modelo de negocio. Ilustre la respuesta con un ejemplo.

PREGUNTA 4. Resuelva el siguiente problema:

Un taller de costura produce, en el mes $n-1$, 320 pantalones. Para ello cuenta con una plantilla de 8 trabajadores. En el mes n la producción asciende a 405 pantalones, siendo el número de trabajadores de 9 y con la misma jornada laboral que el mes anterior. Teniendo en cuenta esta información, se pide:

- a) Calcule el valor de la productividad de la mano de obra de la empresa en cada uno de los meses. **(1 punto)**
- b) Calcule la tasa de variación de la productividad entre esos dos meses. **(1 punto)**
- c) Señale al menos dos motivos que puedan justificar la variación de la productividad calculada en el punto anterior. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 5. Resuelva el siguiente problema:

Partiendo de los datos sobre producción y costes de una empresa recogidos en la siguiente tabla:

Producción (unidades)	0	1	2	3	4
Costes totales (en miles de euros)	20	28	34	35	38

Se pide:

- a/ Calcule los costes fijos y los costes variables medios para los diferentes niveles de producción **(1 punto)**.
- b/ Calcule los costes totales medios y los costes marginales para los diferentes niveles de producción **(1 punto)**.
- c/ Represente gráficamente los costes totales medios y los costes marginales. Comente lo que considere más destacable teniendo en cuenta los resultados obtenidos **(0,5 puntos)**.

PREGUNTA 6. Resuelva el siguiente problema:

En el último ejercicio económico, una sociedad anónima ha obtenido unos ingresos de ventas de mercancías de 680.000€. Las demás cifras de ingresos y gastos (valores en euros) correspondientes al mencionado ejercicio son las siguientes:

Salarios: 90.000	Intereses pagados por un préstamo: 45.000
Dividendos: 10.000	Suministros: 80.000
Compras de mercaderías: 260.000€	Amortización inmovilizado: 40.000

- a/Determine el resultado de explotación y explique brevemente su significado **(1 punto)**.
- b/ Calcule los resultados financieros y explique brevemente su significado **(1 punto)**
- c/ Calcule los beneficios después de impuestos para un tipo impositivo del 23% **(0,5 puntos)**.

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO

O exame consta de 6 preguntas de 2,5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 4 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 1.1. Que é un empresario/a? Explique dúas das funcións que pode desempeñar.
- 1.2. Explique as fontes financiamento internas e externas da empresa. Poña un exemplo de cada unha delas.
- 1.3. Explique a utilidade do lenzo do modelo de negocio e as dúas áreas ás que se refire.
- 1.4. Explique que fin teñen os dereitos de propiedade industrial. Enumere dous tipos destes dereitos.

PREGUNTA 2. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 2.1. Que é o dereito mercantil? Poña un exemplo dunha cuestión que regule.
- 2.2. Que é o fondo de manobra? Como se interpretan os seus resultados?
- 2.3. Que é o mapa de empatía de clientes? Explique dúas das áreas nas que se divide
- 2.4. En que consiste dentro do plan de negocio a presentación. Poña un exemplo.

PREGUNTA 3. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 3.1. Que se entende por dixitalización? Poña un exemplo de aplicación á empresa.
- 3.2. Defina o imposto sobre sociedades. Identifique o suxeito pasivo e o tipo impositivo do mesmo.
- 3.3. Explique que son os modelos de negocio de aplicacións móbiles. Poña un exemplo.
- 3.4. Explique que se entende por validación do modelo de negocio. Ilustre a resposta cun exemplo.

PREGUNTA 4. Resolva o seguinte problema:

Un taller de costura produce, no mes $n-1$, 320 pantalóns. Para iso conta dun cadro de 8 traballadores. No mes n a produción ascende a 405 pantalóns, sendo o número de traballadores de 9 e coa mesma xornada laboral que o mes anterior. Tendo en conta esta información, pídese:

- a) Calcule o valor da produtividade da man de obra da empresa en cada un dos meses. **(1 punto)**
- b) Calcule a taxa de variación da produtividade entre eses dous meses. **(1 punto)**
- c) Sinale polo menos dous motivos que poidan xustificar a variación da produtividade calculada no punto anterior. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 5. Resolva o seguinte problema:

Partindo dos datos sobre a produción e custos dunha empresa recollidos na seguinte táboa:

Produción (unidades)	0	1	2	3	4
Custos totais (en miles de euros)	20	28	34	35	38

Pídese:

- a/ Calcule os custos fixos e os custos variables medios para os diferentes niveis de produción **(1 punto)**.
- b/ Calcule os custos totais medios e os custos marxinais para os diferentes niveis de produción **(1 punto)**.
- c/ Represente graficamente os custos totais medios e os custos marxinais. Comente o que considere máis destacable tendo en conta os resultados obtidos **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 6. Resolva o seguinte problema:

No último exercicio económico, unha sociedade anónima obtivo uns ingresos de vendas de mercadorías de 680.000€. As demais cifras de ingresos e gastos (valores en euros) correspondentes ao mencionado exercicio son as seguintes:

Salarios: 90.000	Intereses pagos por un préstamo: 45.000
Dividendos: 10.000	Subministracións: 80.000
Compras de mercadorías: 260.000€	Amortización inmovilizado: 40.000

- a/Determine o resultado de explotación e explique brevemente o seu significado **(1 punto)**.
- b/ Calcule os resultados financeiros e explique brevemente o seu significado **(1 punto)**
- c/ Calcule os beneficios despois de impostos para un tipo impositivo do 23% **(0,5 puntos)**.

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio o día 7 de xuño de 2024 ás 10:30 horas, acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na páxina web da CIUG, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nos apartados das preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1,25 ptos. cada apartado), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

PREGUNTA 1

1.1. :Concepto de empresario : 075 ptos. Por cada función explicada: 0,25 puntos. Se soamente as enumera :0,25 ptos.

1.2.-Se explican as fontes de financiamento internas e as fontes de financiamento externas : 0,75 . Se poñen un exemplo das fontes de financiamento internas:e outro exemplo das fontes de financiación externas;0,5 ptos.

1.3.- Se explican a utilidade do lenzo do modelo de negocio: 0,75 ptos. Cada área identificada: 0,25 ptos.

1.4.-Se explican o fin que teñen os dereitos de propiedade industrial.0,75 ptos. Cada tipo enumerado: 0,25 ptos.

PREGUNTA 2

2.1.Concepto dereito mercantil : 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

2.2. Concepto do fondo de manobra: 0,75 ptos. Como se interpretan os seus resultados: 0,5 ptos.

2.3. Concepto de mapa de empatía de clientes: 0,75 ptos. Cada área que explique :0,25 ptos.

2.4. Se explican a presentación dentro do plan de negocio: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

PREGUNTA 3.

- 3.1. Concepto de dixitalización: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.
- 3.2. Definir o imposto sobre sociedades: 0,75 ptos. Suxeito pasivo: 0,25 ptos. Tipo impositivo: 0,25 ptos.
- 3.3. Se explican os modelos de negocio de aplicacións móbiles: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.
- 3.4. Se explican a validación do modelo de negocio: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

PREGUNTA 4

- a- Polo cálculo correcto da produtividade da man de obra en cada mes 0,5ptos. Se non poñen as unidades -0,25 ptos.
- b.-Plantexamento correcto da expresión que permite calcular a taxa de variación da produtividade :0,5 ptos. Cálculo correcto do seu valor: 0,5 ptos.
- c- Cada un dos motivos .que poidan xustificar a variación da produtividade 0,25 ptos.

PREGUNTA 5

- a. Cálculo correcto dos custos fixos (0,5 ptos), Cálculo correcto dos custos variables medios (0,5 ptos).
- b. Cálculo correcto dos custos totais medios (0,5 ptos). Cálculo correcto dos custos marxinais (0,5 ptos).
- c. Representación gráfica 0,25 ptos. Comentario dos resultados : 0,25

PREGUNTA 6

- a. Cálculo correcto dos resultados de explotación: 0,75 ptos (por cada ingreso ou gasto incorrectamente clasificado como de explotación: -0,5 ptos). Explicación do seu significado : 0,25 ptos.
- b. Cálculo correctos dos resultados financeiros: 0,75 ptos (por cada ingreso ou gasto financiero clasificado incorrectamente: -0,5 ptos.). Explicación do seu significado: 0,25 ptos.
- c. Cálculo correcto dos beneficios despois de impostos (0,5 ptos).

**Convocatoria extraordinaria 2024
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO**

El examen consta de 6 preguntas de 2,5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **sólo se corregirán las cuatro primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 1.1. ¿Qué se entiende por contexto empresarial específico? Mencione dos de los tipos de factores que lo configuran.
- 1.2. Explique en qué consiste el modelo de negocio multiplataforma o multilateral. Ponga un ejemplo.
- 1.3. ¿Qué es un empréstito? ¿De qué tipo de financiación se trata?
- 1.4. ¿En qué consiste la toma de decisiones? En ese marco explique la simulación.

PREGUNTA 2. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 2.1. En el marco del emprendimiento de la mujer, explique la brecha salarial. Ponga un ejemplo.
- 2.2. ¿Qué es un convenio colectivo? Ponga un ejemplo.
- 2.3. Explique qué se entiende por nicho de mercado. Ponga un ejemplo
- 2.4. ¿Qué es un plan de negocio? Explique dos de las áreas en las que se divide.

PREGUNTA 3. Responda brevemente dos de los cuatro apartados siguientes: (1,25 puntos por apartado)

- 3.1. Explique qué es la responsabilidad social corporativa en el área de los trabajadores. Ponga un ejemplo.
- 3.2. Diferencie en las herramientas de presentación, la narración de historias y el discurso del ascensor *o elevator pitch*.
- 3.3. Explique en qué consiste el análisis DAFO. Ponga un ejemplo de dos de los factores que lo caracterizan.
- 3.4. Diferencie entre inversión financiera e inversión productiva. Ilustre la respuesta con un ejemplo.

PREGUNTA 4. Resuelva el siguiente problema:

Una empresa que se dedica a la compraventa de combustible dispone a 1 de enero de 1.000 litros valorados a 1,10 euros/litro. A lo largo del mes de enero realiza las siguientes operaciones: el 7 de enero compra 2.500 litros a 1,12 euros/litro; el 10 de enero vende 2.000 litros por 3.000 euros; el 15 de enero compra 2.000 litros a 1,14 euros/litro y el 20 de enero vende 2.500 litros por 3.750 euros.

Se pide:

- a) Elabore la ficha de almacén aplicando el método FIFO. **(1 punto)**
- b) Elabore la ficha de almacén aplicando el método del Precio Medio Ponderado. **(1 punto)**
- c) Teniendo en cuenta la variación de los precios, ¿qué método considera más idóneo? Razone la respuesta. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 5. Resuelva el siguiente problema:

Los elementos del patrimonio de una empresa hipotética son los siguientes (valores en euros):

Préstamo recibido de un banco a devolver en 10 años: 33.500; muebles de oficina: 1.500; dinero en caja: 5.000; existencias de productos: 12.000; saldos en cuentas corrientes bancarias: 10.000; deudas con proveedores: 11.500; edificios: 63.000; derechos de cobro sobre clientes: 6.000; préstamo recibido de un banco a devolver en 3 meses: 5.000; ordenadores: 2.500.

Se pide:

- a) Elabore el balance agrupado por masas patrimoniales y determinar el valor del capital social. **(1 punto)**
- b) Calcule el fondo de maniobra y el ratio de autonomía financiera $[A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corriente} + \text{pasivo no corriente})]$. **(1 punto)**
- c) Interprete los resultados obtenidos en el apartado anterior. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 6. Resuelva el siguiente problema:

Una fábrica de coches produce, en el año $n-1$, 376.200 vehículos. Para ello cuenta con una plantilla de 5.700 trabajadores. En el año n la producción asciende a 408.000 vehículos, siendo el número de trabajadores de 6.000 y con la misma jornada laboral que el año anterior. Teniendo en cuenta esta información, se pide:

- a) Calcule el valor de la productividad de la mano de obra de la empresa en cada uno de los años. **(1 punto)**
- b) Calcule la tasa de variación de la productividad entre esos dos años. **(1 punto)**
- c) Señale al menos dos motivos que puedan justificar la variación de la productividad calculada en el punto anterior. **(0,5 puntos)**

**Convocatoria extraordinaria 2024
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO**

O exame consta de 6 preguntas de 2,5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 4 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 1.1. Que se entende por contexto empresarial específico? Mencione dous dos tipos de factores que o configuran.
- 1.2. Explique en que consiste o modelo de negocio multiplataforma ou multilateral. Poña un exemplo.
- 1.3. Que é un empréstimo? De que tipo de financiamento se trata?
- 1.4. En que consiste a toma de decisións? Nese marco explique a simulación.

PREGUNTA 2. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 2.1. No marco do emprendemento da muller, explique a fenda salarial. Poña un exemplo.
- 2.2. Que é un convenio colectivo? Poña un exemplo.
- 2.3. Explique que se entende por nicho de mercado. Poña un exemplo
- 2.4. Que é un plan de negocio? Explique dúas das áreas nas que se divide.

PREGUNTA 3. Responda brevemente dous dos catro apartados seguintes: (1,25 puntos por apartado)

- 3.1. Explique que é a responsabilidade social corporativa na área dos traballadores. Poña un exemplo.
- 3.2. Diferencie nas ferramentas de presentación, a narración de historias e o discurso do ascensor *ou elevator pitch*.
- 3.3. Explique en que consiste a análise DAFO. Poña un exemplo de dous dos factores que a caracterizan.
- 3.4. Diferencie entre investimento financeiro e investimento produtivo. Ilustre a resposta cun exemplo.

PREGUNTA 4. Resolva o seguinte problema:

Unha empresa que se dedica á compravenda de combustible dispón a 1 de xaneiro de 1.000 litros valorados a 1,10 euros/litro. Ao longo do mes de xaneiro realiza as seguintes operacións: o 7 de xaneiro compra 2.500 litros a 1,12 euros/litro; o 10 de xaneiro vende 2.000 litros por 3.000 euros; o 15 de xaneiro compra 2.000 litros a 1,14 euros/litro e o 20 de xaneiro vende 2.500 litros por 3.750 euros.

Pídese:

- a) Elabore a ficha de almacén aplicando o método FIFO. **(1 punto)**
- b) Elabore a ficha de almacén aplicando o método do Prezo Medio Ponderado. **(1 punto)**
- c) Tendo en conta a variación dos prezos, que método considera máis idóneo? Razoe a resposta. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 5. Resolva o seguinte problema:

Os elementos do patrimonio dunha empresa hipotética son os seguintes (valores en euros):

Préstamo recibido dun banco a devolver en 10 anos: 33.500; mobles de oficina: 1.500; diñeiro en caixa: 5.000; existencias de produtos: 12.000; saldos en contas correntes bancarias: 10.000; débedas con provedores: 11.500; edificios: 63.000; dereitos de cobro sobre clientes: 6.000; préstamo recibido dun banco a devolver en 3 meses: 5.000; computadores: 2.500.

Pídese:

- a) Elabore o balance agrupado por masas patrimoniais e determine o valor do capital social. **(1 punto)**
- b) Calcule o fondo de manobra e o ratio de autonomía financeira $[A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})]$. **(1 punto)**
- c) Interprete os resultados obtidos no apartado anterior. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 6. Resolva o seguinte problema:

Unha fábrica de coches produce, no ano $n-1$, 376.200 vehículos. Para iso conta cun cadro de persoal de 5.700 traballadores. No ano n a produción ascende a 408.000 vehículos, sendo o número de traballadores de 6.000 e coa mesma xornada laboral que o ano anterior. Tendo en conta esta información, pídese:

- a) Calcule o valor da produtividade da man de obra da empresa en cada un dos anos. **(1 punto)**
- b) Calcule a taxa de variación da produtividade entre eses dous anos. **(1 punto)**
- c) Sinale polo menos dous motivos que poidan xustificar a variación da produtividade calculada no punto anterior. **(0,5 puntos)**

ABAU 2024

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio o día 5 de xullo de 2024 ás 10:30 horas, acordou aplicar, ademáis dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na páxina web da CIUG, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nos apartados das preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1,25 ptos. cada apartado), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademáis, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

PREGUNTA 1

- 1.1. Concepto de contexto empresarial específico : 0,75 ptos. Por cada tipo de factor : 0,25 ptos.
- 1.2. Se explican o modelo de negocio multiplataforma: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.
- 1.3. Concepto de empréstito: 0,75 ptos. Se identifica o tipo de financiamento: 0,5 ptos.
- 1.4. Se explican a toma de decisión: 0,75 ptos. Se explica a simulación: 0,5 ptos.

PREGUNTA 2

- 2.1. Se explican a fenda salarial : 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.
- 2.2. Concepto de convenio colectivo: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.
- 2.3. Se explican o nicho de mercado: 0,75 ptos. Exemplo :0,5 ptos.
- 2.4. Concepto de plan de negocio: 0,75 ptos. Por cada área explicada : 0,25 ptos.

PREGUNTA 3.

3.1. Se explican a responsabilidade social corporativa na área dos traballadores: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

3.2. Se explican a diferenca entre a narración de historias e o discurso do ascensor: 1,25 ptos.

Se só poñen un exemplo de cada unha: 0,5 ptos.

3.3. Se explican a análise DAFO : 0,75 ptos. Por cada exemplo de factor : 0,25 ptos.

3.4. Se explican a diferenca entre investimento financeiro e produtivo: 0,75 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

PREGUNTA 4

a.- Este apartado non admite calificacións intermedias, salvo as resultantes de aplicar as correspondentes penalizacións por erros de cálculo

b- Plantexamento correcto da expresión que permite aplicar o método do precio medio ponderado: 0,5 ptos. Aplicación correcta do método (0,5 ptos.).

c.- Comentario razonado e coherente cos resultados: 0,5 ptos.

PREGUNTA 5

a. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo Non corrente, Activo Corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos Propios: 0,75 ptos. Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 ptos. Se se ubica erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 ptos. Cálculo do valor do capital social: 0,25 ptos.

b. Cálculo correcto do fondo de manobra: 0,5 ptos. Cálculo correcto do ratio de autonomía financeira :0,5 ptos.

c. Comentario razonado e coherente cos resultados: 0,5 ptos.

PREGUNTA 6

a- Polo cálculo correcto da produtividade da man de obra en cada ano 0,5ptos. Se non poñen as unidades -0,25 ptos.

b.-Plantexamento correcto da expresión que permite calcular a taxa de variación da produtividade :0,5 ptos. Cálculo correcto do seu valor: 0,5 ptos.

c- Cada un dos motivos .que poidan xustificar a variación da produtividade 0,25 ptos.